

O Plan de Continxencia do CEIP San Roque ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID- 19, ou en período de corentena domiciliaria por ter **contacto estreito** con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 **no centro educativo** seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un **espazo separado de uso individual**, colocaráse unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
3. Débese chamar ao **centro de saúde de Atención Primaria de referencia**, ([986561406](tel:986561406) Ambulatorio de Vilanova, tardan en contesta), ou ao teléfono de referencia do SERGAS (recomendo o número [986806350](tel:986806350)) e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O traballador que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa **Xefatura Territorial de Sanidade** para comunicarllo ([986885872](tel:986885872)/[986885808](tel:986885808)/[986885809](tel:986885809)). Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á **Central de Seguimento de Contactos (CSC)** quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.

5 A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha **consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que **estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual** en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das **medidas de corentena** o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. **A autoridade sanitaria**, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo.

Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos **10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.**

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco **a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.**

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado **preferentemente a través da aula virtual** de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo propio profesor o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesora poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. **O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teñan dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.**

PERSOA ENCARGADA: Manuel Alonso Villar

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

a) En Educación Infantil, 1º e 2º uso da páxina web do centro e blogs de aula co titor, comunicación a través de espazo abalar, correo electrónico e outros medios telemáticos e telefónicos. Seguimento das tarefas a través do correo electrónico.

b) Dende 3º ata 6º de Primaria, uso obrigatorio da Aula Virtual, para colgar contidos e tarefas, combinada co correo electrónico e/ou outros medios electrónicos. Espazo abalar, páxina web e blogs de forma complementaria.

c) Constante contacto telefónico co centro e medias de compensación social como materiais impresos en casos de necesidade.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

1. Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro entre eles.
- Redefinición dos circuítos de circulación interna.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada
- Reorganización das quendas para o horario da comida.

2. Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Definíranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo. - Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-

3. Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: 1 semana A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%. Nesta fase o alumnado continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

Obxectivos:

- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva. Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.

4. Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: 1 semana A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para do alumnado.
- Recreo e a comida será realizada en dúas ou tres quendas.

Horarios-espello dos cursos de 3º a 6º de Primaria:

DADE		Grupo	Titor/a	
		3º Pri. - A	Dios Chaves, María Alberta	
Horario do grupo				
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
09:35 LGeL	09:35 Ingl	09:35 Mat	09:35 EF	09:35 Mat
10:25 MÚSICA	10:25 EF	10:25 Mat	10:25 LCL	10:25 Mat
11:15 LGeL	11:15 LCL	11:15 Cienc.Nat.	11:15 LCL	11:15 LGeL
12:00 Recreos	12:00 Recreos	12:00 Recreos	12:00 Recreos	12:00 Recreos
12:30 Recreos	12:30 Recreos	12:30 Recreos	12:30 Recreos	12:30 Recreos
13:00 Cienc.Soc	13:00 LCL	13:00 Cienc.Nat.	13:00 Cienc.Soc	13:00 LGeL
13:50 Cienc.Soc	13:50 ReCa 13:50 Val.So.Civ	13:50 Ingl	13:50 Ingl	13:50 PLÁSTICA

DADE		Grupo	Titor/a	
		4º Pri. - A	Salgado Camba, Inmaculada	
Horario do grupo				
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
09:35 LCL	09:35 EF	09:35 LCL	09:35 Mat	09:35 Ingl
10:25 Mat	10:25 Mat	10:25 MÚSICA	10:25 Cienc.Nat.	10:25 ReCa
11:15 LGeL	11:15 LCL	11:15 Mat	11:15 LCL	10:25 Val.So.Civ
12:00 Recreos	12:00 Recreos	12:00 Recreos	12:00 Recreos	11:15 Cienc.Soc
12:30 Recreos	12:30 Recreos	12:30 Recreos	12:30 Recreos	12:00 Recreos
13:00 Cienc.Nat.	13:00 LGeL	13:00 Ingl	13:00 Afond./Ref.	12:30 Recreos
13:50 Ingl	13:50 Cienc.Soc	13:50 PLÁSTICA	13:50 EF	13:00 LGeL
				13:50 LGeL

DADE Grupo 5º Pri. - A Titor/a Villaronga García, María Carmen

Horario do grupo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
09:35 EF	09:35 Mat	09:35 EF	09:35 Ingl	09:35 ReCa
10:25 Mat	10:25 PLÁSTICA	10:25 Ingl	10:25 Mat	09:35 Val.So.Civ
11:15 LCL	11:15 LCL	11:15 Cienc.Soc	11:15 MÚSICA	10:25 Mat
12:00 Recreos	12:00 Recreos	12:00 Recreos	12:00 Recreos	11:15 Mat
12:30 Recreos	12:30 Recreos	12:30 Recreos	12:30 Recreos	12:00 Recreos
13:00 Ingl	13:00 Cienc.Nat.	13:00 LCL	13:00 LGeL	12:30 Recreos
13:50 LGeL	13:50 LGeL	13:50 LGeL	13:50 Cienc.Nat.	13:00 LCL
				13:50 Cienc.Soc

DADE Grupo 5º Pri. - B Titor/a Paz López, Eva

Horario do grupo

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
09:35 Mat	09:35 Mat	09:35 Ingl	09:35 Mat	09:35 Mat
10:25 LCL	10:25 Ingl	10:25 EF	10:25 LCL	10:25 LCL
11:15 LGeL	11:15 MÚSICA	11:15 Mat	11:15 LGeL	11:15 ReCa
12:00 Recreos	12:00 Recreos	12:00 Recreos	12:00 Recreos	11:15 Val.So.Civ
12:30 Recreos	12:30 Recreos	12:30 Recreos	12:30 Recreos	12:00 Recreos
13:00 Cienc.Nat.	13:00 LCL	13:00 LGeL	13:00 Cienc.Nat.	12:30 Recreos
13:50 EF	13:50 LGeL	13:50 Cienc.Soc	13:50 PLÁSTICA	13:00 Cienc.Soc
				13:50 Ingl

DADE		Grupo	Titor/a	
		6º Pri. - A	Treinta Gómez, María Cristina	
Horario do grupo				
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
09:35 Ingl	09:35 LGeL	09:35 PLÁSTICA	09:35 LGeL	09:35 LGeL
10:25 LCL	10:25 ReCa	10:25 Cienc.Soc	10:25 Mat	10:25 LCL
11:15 Mat	11:15 Ingl	11:15 Ingl	11:15 Mat	11:15 Mat
12:00 Recreos	12:00 Recreos	12:00 Recreos	12:00 Recreos	12:00 Recreos
12:30 Recreos	12:30 Recreos	12:30 Recreos	12:30 Recreos	12:30 Recreos
13:00 EF	13:00 LCL	13:00 Cienc.Nat.	13:00 Cienc.Soc	13:00 Cienc.Nat.
13:50 MÚSICA	13:50 Mat	13:00 EF	13:50 Cienc.Soc	13:50 LCL

Horarios das especialistas de PT e AL:

Con respecto a estas especialistas, hai que destacar que seguirán os seus correspondentes horarios, e terán en conta aquelas alumnas e alumnos aos que prestan atención educativa. Deste xeito, no caso de 6º de Primaria, realizarase un reparto dos alumnos entre a titora, mestre de desdobre e a mestra de PT.

Participarán nas videoclases e nas tarefas, formando tres pequenas videoclases. Realizarán un apoio personalizado aos seus alumnos a través da mensaxería e proposta de distintas tarefas.

Con respecto á especialista de AL ao ter apoios fóra da aula, podrá realizar sesións cos correspondentes alumnos. Neste caso, aqueles alumnos que teñan apoio fóra da aula, recibirán un horario-espello modificado naquelas horas nas que lle toca apoio en Audición e linguaxe.

No caso daqueles alumnos con especiais dificultades e discapacidade, contactaremos previamente coas familias e faremos un asesoramento sobre as tarefas que previamente se lle entreguen.

O horario-espello do CEIP San Roque corresponderá co horario no colexio pero a diferenza estará na realización das clases que constarán de dous momentos; nun primeiro momento, realizarase unha conexión de videoconferencia a través de Webex, o tempo restante da sesión corresponderá a realización das tarefas na Aula virtual.

A titoría coas familias corresponde aos martes pola tarde en horario de 16:30 a 17:30 con cita previa e o enlace a videotitoría enviaráselles a través de Abalar mobil.

Tamén organizarase unha reunión virtual en horario de tarde para facilitar a asistencia das familias, no que se fará un repaso do funcionamento da aula virtual e do webex, poñendo exemplos prácticos de uso, tocaremos os seguintes temas:

- Acceso a Aula virtual
- Acceso aos distintos cursos
- Engadir unha entrega de tarefa a través de arquivo ou foto.
- Uso do Webex, instalación e funcións.
- Outras

Con respecto ao funcionamento das clases telemáticas tentarase centralizar todo a través da plataforma educativa correspondente, isto é, Aula virtual e EVA-Edixgal.

Os alumnos, coñecedores dos seus horarios-espello de traballo, recibirán 10 minutos antes de cada sesión un enlace para conectarse a Webex e entrar na correspondente clase. Este enlace chegaralles a través dos mensaxes da plataforma. Posteriormente, realizarán as correspondentes tarefas na plataforma no curso correspondente á materia que se imparte.

Resulta imprescindible facer simulacións e que o alumnado traballe estes aspectos, como facer unha tarefa, acceder, usar o webex, etc.

Estableceranse unhas normas claras para o alumnado de cara a desenvolver as video-clases, iniciando sesión e silenciando o micrófono nada máis comezar a clase. Tras a explicación do mestre, poderase establecer unha quenda de preguntas, nas que a participación regularase erguendo a man. Será unicamente o mestre o que acenda o micrófono do alumno que queira falar.

As tarefas para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.